

PROPOSTAS DE ACTIVIDADES

Antes de comezar a redactar as actividades infórmovos que esta semana remataremos de realizar o proxecto da primavera, porque a vindeira semana continuaremos traballando a temática do mar (como xa o fixemos no primeiro e segundo trimestre). O motivo é para que todos (tanto os titores, especialistas e apoios) traballemos a mesma temática, e as actividades propostas relaciónense entre elas.

Asemblea: comezamos a traballar o calendario de maio. Como xa sabedes son tres calendarios: un onde escribimos o día que é, outro onde coloreamos o recadro correspondente ao día e o terceiro onde debuxamos o tempo que fai (deixo os tres calendarios no outro documento para que os poidades imprimir). As familias que non poden imprimir o documento poden copiar o calendario nun folio ou caderno, ou poden usar algún calendario que teñan no seu fogar (onde @s nen@s poden ir rodeando o día que é, e debuxan ao lado o tempo que fai).

MAIO						
LUNS	MARTES	MERCORES	XOVES	VENRES	SABADO	DOMINGO
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

MAIO						
LUNS	MARTES	MERCORES	XOVES	VENRES	SABADO	DOMINGO


MAIO						
LUNS	MARTES	MERCORES	XOVES	VENRES	SABADO	DOMINGO

Hoxe presentamos unha nova compañeira, o seu nome é Ana e ten 4 anos. Facemos o acróstico co seu nome na seguinte ficha (podéda atopar no outro documento e as familias que non poidan imprimir poden realizar a actividade nun folio ou caderno).







Despois no proxecto da primavera traballamos os insectos. Antes de pasar á actividade podemos mirar o seguinte vídeo (“Los insectos. Videos educativos para niños” https://youtu.be/3tXZZTy_ncE). Ao rematar podemos comentar a información recibida e falamos das características dos insectos. Na ficha @s alumn@s teñen que colorear os insectos, despois recórtanos e rematan pegando cada insecto no seu lugar correspondente.

Deixo o modelo no outro documento e as familias que non poden imprimir esta actividade poden facer nun folio ou caderno unha lista de insectos que aparecen no vídeo co seu debuxo correspondente. Ou tamén podeades copiar a ficha dos nomes dos insectos nun caderno e os nenos intenta ler os nomes e fan o debuxo correspondente a cada insecto.




Lóxica- matemática: Hoxe imos xogar coas xoaniñas, xa que estamos a traballar cos insectos. A actividade é moi fácil, soamente precisamos un folio para debuxar unha xoaniña, tarxetas cos números do 1 ao 10, e uns botóns (ou outro material semellante). Un adulto indícalle ao nen@ coa tarxeta dos números cantos puntiños ten esa xoaniña e eles teñen que poñerlle tantos botóns como indica a tarxeta. Cos máis maiores tamén podemos facer sumas, como indica a imaxe.

Deixo no outro documento a plantilla da xoaniña e as tarxetas dos números (as familias que non dispoñen de impresora poden facer as tarxetas e a xoaniña nun folio ou caderno).



Lectoescritura: hoxe traballamos a inicial de cada nen@ dunha forma diferente e máis divertida. Precisamos unha bandexa de poliespan e un pauciño (escarvantes ou pincho moruno), os nenos teñen que picar a súa inicial (que un adulto debuxará con anterioridade).



Motricidade fina: recortamos círculos e rectángulos de diversos tamaños en folios de cores, e despois xogamos a facer insectos mesturando e pegando as diversas formas xeométricas.



Especialistas: recordarvos que os mércores visítanos o mestre de relixión (José Ramón) e os xoves a mestra de lingua estranxeira (Noelia), non esquezades de realizar algunhas das actividades que eles vos propoñen. Os alumn@s que non traballan co mestre de relixión poden acceder ás actividades que se atopan na marxe dereita no apartado de alternativa.



Entenza

PROGRAMACIÓN DA AULA DE ENTENZA PARA O CURSO 2019/20

1 adiutorio Engadir novo comentario Entenza

3º TRIMESTRE. ACTIVIDADE 7

Oia familias:
Aquí estou de novo como todos os mércores, con novas actividades para estes días (espero que vos gusten).
Lémbrovos que o venres non imos publicar ningunha proposta porque é día festivo e o luns tampouco porque é día non lectivo no noso centro.
Gozade moito da fin de semana!!!!
Mándovos un bico enorme!!!

%count adiutorios 1 comentario Entenza

OS NOSOS TRABALLOS

Moitas grazas polas vosas fotos Noa e Ana!!!
Estades traballando moito!!!
Mándovos moitos bicos!!!

As Nosas Aulas

- As nosas aulas
- Estafetada
- 3 anos A
- 3 anos B
- 3 anos C
- 4 anos A
- 4 anos B
- 4 anos C
- 5 anos A
- 5 anos B
- 5 anos C
- Unitarios
- Barreiro
- Budiño
- Entenza
- Fariña
- Picada
- San Xurxo
- Soutelo

ESPECIALIDADES

- Alternativa
- Apoio
- Educación musical
- Educación Física
- Educación Religiosa
- Inglés
- Orientación
- Audición e linguaxe
- Pedagogía terapéutica

Conto: a miña proposta de hoxe é mirar o conto “Caracois. Caracol e saltón” da editorial OQO (<https://youtu.be/GRqLoBhH9JA>). Ao rematar podedes escribir o título do conto e facer un debuxo (deixo as fichas no outro documento).